

Elixio Rivas Quintas

A ORIXE DE OURENSE NUNHA ESCRITURA DE CELANOVA

Deixounos tan amábel compañeiro como era Don Segundo Alvarado Feijoo y Montenegro, de ilustre prosapia ourensana; ourensán de nacemento, corazón e vida, fiel e enfeitizado morador no lar nativo. Xa no definitivo lar do noso Pai Eterno, merece a nosa máis agarimosa lembranza, que eu lle adico falando desta súa Auria vella, prerrománica e romana, románica e moderna.

Estamos no máis ca milenario de San Rosendo. Da súa rica documentación - a máis rica asegún Emilio Sáez Sánchez para coñecer a sociedade alto-medieval, pobo e aristocracia-. Desta inagotábel canteira vou sacar un extenso documento referido à banda dereita do Río Miño por fronte a Ourense, no que ver se pode a base primixenia de que xorde o nome desta cidade. Heis aquí a escritura en todo o que nos atanxe.

ESCRITURA, ANO 1010 (Tombo de Celanova, t.I, 250-258).

*Ego Cresconius confessus...ad primevo temporis adolescentie nutritus et creatus sum in manus sanctissimi patris et summi pontificis nostri ...domni Rudesindi episcopi. ... Ego frater Cresconius... comparavi... villam in ripa Minei, territorio Bubalo, inferius sub deganea de Cotario, et villa vocabulo **ab antiquis nomine Aurea**; cum domni adminiculo et Dei adiutorio h edificavi ibidem cortem nimis bonam, et sub eius dictione ecclesiam et de manu ipsius domni et patris nostri domni Manillani ordinavit vobis ibidem reliquie in memoria eius et in benedictione nostra Sanctus Silvester episcopus et confessoris Christi... Vobis quidem pater et abbas et santissimus spiritalis domnus Manillanem abbas, trado omnia et me et omnem paupertatem meam cum villas et earum adiacentias per earum suburbanis....Inquire omnes villas per eorum tutores qui eas nobis vendiderunt...id est: dedit ibidem Osevio et uxor sua Aragunti hereditatem nimis bonam ...et in flumine Mineo piscarias multas et bonas...pro alia hereditate quam eis dedimus in Cutario... Alia hereditas que nobis ibidem dedit Eita et uxor sua Sabegoto et ipsi abuerunt eam de commutatione...cum Zallico pro alia quam ei dederunt in Belli...Item dedit nobis ibidem Columba agrum quem abuit de suo germano Osevio...Item dedit nobis ibidem Randemiro et uxor sua Recetrudia*

vineam nimis bonam quam ipsi abuerunt de matre sua Columba et iacet ipsa vinea iuxta domus Leovigildi ubi dicent Longara. ...Item dedit nobis ibidem magister Rudericus vineas multas et bonas ...Dedit nobis ibidem de vinea Dongomiro et de sua muliere Columba, medietatem cum suo terreno calvo quomodo dividet de agro de carraria et per divisionem de vinea de Daniel usque in Castro et de illa peraria III^a, et de illo lovio cum suas mazanares VI^a et de suas figares medietatem, et de illa sorte de illa vinea quomodo se levat de carral antiqua usque in casa in cima medietatem nobis dedit et illa zella et de illa vinea que fuit de Arias Alariz cum suas mazanarias et suo perare medietatem et ante illa porta pedazo de terra, et alio pedazo in illo ortale...Item dedit nobis ibidem Eleiro et Baronza terras quas ipsi abuerunt de avorum et parentum suorum, larea una que iacet sub vinea de Longara...Alia larea que iacet suo vestro domo et in vimale de Argele ipsa terra cum suas arbores...que iacent sub domo Elari et sua ratione in illas piscarias in illo porto... nobis vendidit ...Item vendidit nobis ibidem Elario suam rationem de illa vinea que iacet iuxta casam de tio Elario ...et de illo agro de Egilani duas lareas, et dedit illas nobis pro que querebamus...

*Item dedit nobis ibidem Osevio et uxor sua Aragunti pedazo bono de sua terra pro quo abuit intemptio et iuditio cum Guirigo ... Item dedit nobis ibidem Iuliano et uxor sua Aragunti agrum nimis bonum quam ipsi habuerunt de matre sua Onesinda et suam rationem de illa vinea que iacet ad illam cersaream ederatam ...Item dedit nobis ibidem Visterlo et filis suis, Pelagio et Ansuilli, vineas multas et bonas, quas ipsi habuerunt de viro suo nomine Brandila... Alia villa quam dicunt Custodia quam nobis dedit Ylduara et filia sua Gontilli; ipsam hereditatem abuerunt eam comparatam de Salamiro et de Gercoria... dederunt in ofertione pro suo viro Lodulfo qui tenuit nostram causam in suas manus comendata, ...Item dedit nobis ibidem Engomiro et uxor sua Leocadia iuxta domus que fuerat de Leodulfo vineam... Alia villa quam vocitant Ripella quam vobis dedit Gresulfo ...et iacet ipsas hereditas ubi abitabit Kederigo et Lalla, Cersario et Maria dederunt nobis ipsam hereditatem in vita ipsius Gresulfo ...Alia hereditas ibi in Ripella quam nobis dedit frater Leovigildo que fuit de Badamondo et de sua filia Eldigia... Alia villa in Pinna...Alia villa quam dicunt Villare, III^a villa ubi dicunt **Auria**, de omnibus illorum villas, hereditates medietatem, . vel quantum in omnes has villas et hereditates ad prestitum hominis est...Item dedit nobis ipse frater Ranemirus in villa Fornatellas vineas nimis bonas que fuerunt de Baltario presbiter ...hereditatem de Gudesteo integram...Item dedit nobis ibi Argerico et uxor sua Guntina hereditatem...ubi suos parentes abitaverunt...et in Sautello suam rationem; in Ermosendi sic suam rationem ... Alia villa in Baruantes quam nobis dedit Arias et uxor sua Quadradudia... nobis vendiderunt... Item in Pinna alia villa nimis bona cum domos...torcular, perfia...Alia villa in Laonia quam nobis dedit Gercorio et uxor sua Trudilli...Alia villa in Belli quam dicunt Quintanella...In Ablucinus hereditas quam nobis dedit Uti et uxor sua Vistesinda...In Tamaliancos...In Barvantes... Item alia villa ibi in*

Barvantes *quam nobis Branderigo et uxor sua Mansuara et suos germanos Placidia, Osorio, Gontina, Onorigo, dederunt...Alia villa ...quam nobis dedit Abregon et uxor sua Gontina ...Alia villa et hereditas in Cornatios...Item ibi in Cornocios—In Parata alia hereditas... Omnes has hereditates et villas ...comparravimus, et obsecramus domno nostro et sanctissimo abba ut deserviant omnia ad locum ipsum ad **villa de Aure**, ubi oraculum construximus de sancto Silvestro episcopo et confessore, et ordinet ille hominem industrium qui causam ipsam sub eius regimine et ordinatione qui diligenter expediat...Post excesum vite illius...has hereditates...cum ipsa villa (Aurea)...tornetur ad monasterium priorem Cellenovensis.*

COMENTARIO

Está redactado en latín medieval, latín de escribas, que non reflexa precisamente o que era a realidade da fala; é unha linguaxe arcaizante, pouco axusatada xa às esixencias semánticas da realidade. Unha linguaxe que se ve sen medios expresivos, fosilizada ademáis polo formulismo leguleio; confusa polo hipérbaton e xiros con elementos cuíos valores e matices significativos non serven de todo a plasma-la idea. É o que pasa coa fórmula *Ibidem dedit*, que semella de primeiras ‘doar’, e vese logo, relendo o texto –non todo aquí reproducido por brevedade-, que senpre hai algunha palabra que o modifica de todo, coma *vendidit*, resultando que se trata de ‘entregar’ mediante compra ou troca. Esta e as demais escrituras da primeira dieza do milenio, baixo o prepósito Cresconio, amosan unha expansión desmedida do poderío territorial à dereita do Río Miño.

Cresconio, que obra coma administrador xeral dos bens do mosteiro de Celanova, afirma de si ter sido ‘criado e formado’ dende rapaz à sombra e coidados de San Rosendo. (*ad primevo temporis adolescentie nutritus et creatus sum in manus sanctissimi patris ...domni Rudesindī*). As súas escrituras, aquí constataadas, van do ano 1000 ò 1011.

O que se ve por esta e outras escrituras do *prepósito* de Celanova, non é ‘testar’ a favor do mosteiro, fora de *omnia et me et omnem meam paupertatem*, senón poñer nas maus do abade Manilán gran número de propiedades por él conseguidas mediante compra ou troca. Trátase dunha relación de propiedades rurais –poden ser cerca de cen- que o abade ha de poñer su da tutela e administración de un mordomo hábil e fiel situado en Oira, lugar ou aldea preparada coma centro rector, cun esblecemento agro-pecuario e templo de *Sancto Silvestro*. Un verdadeiro priorato de Oira, chámese ou non así. As propiedades sitúanse à dereita do río Miño, deica As Caldas e de Cudeiro a Ribela, e ò río, non precisamente en couto redondo. Hai outras en menor número en Barbantes e Amoeiro. Cítanse en todo caso co nome dos posesores, do matrimonio, e incluso de quen son herdeiros.

Algunha cita da beira esquerda do Río coma Belle e Lonía, é lateral ou por referencia a eido que serviu de elemento de cambio para conseguir o situado à dereita.

Trátase pola meirande parte de bacelos, tan abundantes ò que semella coma na actualidade, citando de continuo *vineas*, con *zella*, *torcular*, *perfia*; o *vimale de Argele* é proba de que xa daquela se arrenxaban as videiras coma hoxe. *Vimale* é un antigo *viminale*; coma o Viminal cuiña de Roma.

Hai moita froita como os abundanciais amosan: *suas manzanares*, *suas manzanarias*, *suo perare*, *suas figares*, *suas arbores*...O feito de citar *agro de Egilan*, *i duas lareas* (leiras) no *agro de Egilán*, declina ter o lat. *agrum* xa valor colectivo de ‘aramio, conxunto de labradíos’, matiz que conserva na parte central de Galicia.

Cítanse máis de unha vez varias *piscarias* no Río Miño, as *piscarias in illo Porto* están río abaixo à dereita, a medio camiño entre Canedo e Untes

Pasando por alto os desaxustes na concordancia, por outra parte tan acostumados (*domnus Manilanem*, *Sanctus Silvester episcopus et confessoris Christi*, *cum villas, vestro domo, et filis suis* por *fili sui*), no texto latexa debaixo a fala romance, mal disimulada en frases coma: *pro que querebamus, usque casa in cima, pedazo de terra, pedazo in illo ortale, comparavi, camparatum, commutatione cum Zallico, iudicio cum Guirigo, ordinet ille hominem industrium*

En *Eleiro* vemos o primeiro ditongo descendente ‘a la gallega’ que diría Sarmiento, por metátese de *Elario* que tamén aparece, pasando por **Elairo*. É o proceso que xustifica a forma dun gran número de palabras a partir do latín.

É interesante a onomástica: *Osevio et Aragonti*, *Eita* (*cas-d’Eita*>Cardeita) *et uxor Sabegoto*, *Columba* (S^aComba) *et germano Osevio* (cf.Oseve), *Randemiro et uxor Recetrudia*, *Arias et uxor Quadradudia*, *magister Rudericus*, *Dongomiro et muliere Columba*, *Arias Alariz*, *Iuliano et uxor Aragunti de matre sua Onesinda* (cf. Ousende), *Pelagio et Ansuilli*, *Visterlo*, *Eleiro et Baranza*, *tio Elario*, *Guirigo* (cf.939 Quirico), *viro Brandila* (cf.S.Brandián), *Ylduara et filia Gontilli*, *Salamiro* (cf.Samil) *et Gercoria*, *Gercorio* (cf.Gregorio-a) *et uxor Trudilli*, *viro Ladulfo*, *Leodulfo*, *Gresulfo*, *Engomiro et uxor Leocadia* (Locaia-o), *Kederigo et Lalla*, *Cersario et Maria*, *Badamondo* (cf.Bamonde) *et filia Eldigia*, *Argerico et uxor Guntina*, *frater Ranemirus*, *de Baltario presbiter* (cf.Baltar), *de Gudesteo* (cf.Gustei), *Uti et uxor Vistesinda*, *Branderigo* (cf. Brandariz) *et uxor Mansuara*, *Abregon et uxor Gontina*, *Onorigo*...

É importante pola toponimia, maior e menor, aínda que para identificar esta compría coñecer puntualmente o aforo catastral, a salvo os que ò longo do tempo se teñan perdido. Así *Lóngara*, *agro de Carraria*, *vinea de Daniel*, *Peraria*, *illo Lovio*, *Carral antiqua*, *vimale de Argele*, *piscarias in illo Porto*, *illo Ortale*, *agro*

de Egilani, illa Cersaream Ederatam, etc. Que serán hoxe: Lóngara, Carreira, Pereira, Lobio, Cereixeira Edrada, etc.

Máis doado será ubicar a toponimia mor, sempre que se non perdesse: *villam quam dicunt Custodia* (Costoira rubindo de Cudeiro), *villam quam vocitant Ripella* (Ribela), *villa in Pinna* (Pimia no texto é erro), *villa quam dicunt Villare* (Vilar d'Astrès), *villa Fornatellas, in Sautello* (Soutelo debaixo de Cudeiro), *in Ermosendi, in Barvantes* (Barbantes), *in Laonia* (A Lonía), *Cutario* (Cudeiro), *in Belli Quintanella* (Quintela en Belle), *In Ablucinus* (Abruciños), *In Tamaliancos* (Tamallancos), *Cornatios / Cornocios* (Cornoces), *Parata* (Parada de Amoeiro), etc.

O referente central do documento, co que ten relación tódalas adquisicións, e tamén fito principal do noso estudo, é **Oira**, que indicativamente se repite tres veces: ò comezo: *Ego frater Cresconius... comparavi...villam in ripa Minei, territorio Bubalo, inferius sub deganea de Cotario, et villa vocabulo ab antiquis nomine Aurea; cum domni adminiculo et Dei adiutorio hedificavi ibidem cortem nimis bonam, et sub eius dictione ecclesiam et de manu ipsius domni et patris nostri domni Manillani ordinavit vobis ibidem reliquie in memoria eius et in benedictione nostra Sanctus Silvester episcopus et confessoris Christi ...*

Polo medio: *III^a villa ubi dicunt Auria*

E ò final: *Omnes has hereditates et villas ...comparavimus, et obsecramus domno nostro et sanctissimo abba ut deserviant omnia ad locum ipsum ad villa de Aure, ubi oraculum construximus de sancto Silvestro episcopo et confessore, et ordinet ille hominem industrium qui causam ipsam sub eius regimine et ordinatione qui diligenter expediat...Post excesum vite illius...has hereditates...cum ipsa villa (Aurea)...tornetur ad monasterium priorem Cellenovensis.*

INTERPRETACIÓN DO TEXTO

Non cabe dubidar de que se trata de **Oira**, lugar ben coñecido fronte a Ourense, que se ve nos documentos medievais, por ex. no do Mosteiro de Rocas, ano 1346 *Pedro Eanes d'Oyra*, 1477 *de Oira*, etc.

Nesta escritura que comentamos, temos: *villam in ripa Minei*: no séc.X-XI xa *villa* chegara a *pobo* na ribeira do Miño. En *territorio Bubalo*, 'territorio de Búbal' que como ben se sabe é todo o que está à dereita do Río Miño dende os Peares onde desauga o Río Búbal, corrente abaxo deica Santa Cruz de Arrabaldo onde o fai o Río Barbantiño pola dereita, e por este río a enfestos deica as fontes do precitado río Búbal, baixando coeste deica desougar pola dereita no Miño. O antigo castelo de Alba en terra de Amoeiro, en Trasalba –que de aquí lle ven o nome-, está en *Terra de Búbal*. Este espazo é o que constitúe o *arcedianato de Búbal* do séc. XII ò XIX, unha das antigas dignidades do bispado de Ourense,

comprendendo os concellos de Canedo, Amoeiro, Coles, A Peroxa, Vilamarín e parte do de Carballedo en Lugo.

Segue: *inferius sub deganea de Cutario*, ou sexa, na parte máis baixa, inferior, su da ‘degaña’ de Cudeiro, onde está Oira, antiga *Oria*. Con **ab antiquis Aurea** estáse a aludir ós romanos, que son os que, asitiando o destacamento militar no *Castro de Oria*, evitando de primeiras situarse no centro do poboado das Burgas, lle chaman **Aurea**, forma culta do latín vulgar *orius, oria, orium*, por ‘dourado’. É o que se chama etimoloxía popular.

Di a escritura: *Cum domni adminiculo et Dei adiutorio*, coa axuda do señor (abade) e o socorro de Deus, *edificavi ibi cortem nimis bonam* ‘erguín (Cresconio) unha graña ou explotación agrícola-gandeira moi boa’, en **villa Aurea**, o que de paso proba non ser esta *villa* xa unha graña ou granxa, senon un poboado rural de certa importancia e centro o máis importante à dereita do río Miño. O lat. *cortem* era ‘patio ou cercado dos animais, gandeiro’, logo, como aquí, sustitúe a ‘villa’, graña agrícola-gandeira; na outra deriva estaba evolucionando a ‘corte real’. Alí: *...et sub eius dictione (edificavi) ecclesiam ...et de manu ...Manillani ordinavit ibi reliquie* ‘e baixo ese dictado (de **Aurea**) erguín unha eirexa en que o abade Manilán ordenou poñer reliquias de San Silvestre.

Inquire villas per tutores qui eas nos vendiderunt ‘heis aquí as grañas e donos que nos las venderon...E así vanse enumerando todas, por nome unhas 50 e moitas mais por ‘multas, o que nós imos faguer, xa sen cita-lo texto, sumariamente e de seguido:

A de Osevio e Aragonta, e moitas pequeiras no Miño a cambio, que lle demos en *Cudeiro*. Outra que nos deu Eita e súa muller Sabegoto, que a tiñan de Zallico a cambio de unha de *Belle*. Tamén nos deu alí un campo Columba, que ela conseguira do seu irmau Osevio. Tamén Randemiro e súa muller Recetrudía unha viña moi boa, que tiñan da súa nai Columba, que está á beira da casa de Leovigildo, onde lle chaman *Lóngara*...., e deunos o mestre Rodrigo moitas e boas viñas...Deunos a metade da súa viña Dongomiro e súa muller Columba, co seu terreo calvo, asegún estrema do agro da *Carreira* e pola marxe da viña de Daniel deica o *Castro* (de Oira?), e III^a da *Pereira* e do *Lovio* coa VI^a suas mazairas e a metade das súas figueirase da sorte de viña, como vai dende a *Carral* antiga deica a casa en cima, a metade, e a cela. E da viña que foi de Arias Allariz, coas súas mazairas e o seu peral, a metade; e ante a porta un pedazo de terra e outro pedazo no *Ortal*. ...Tamén nos deron Eleiro e Baronza terras que tiñan de seus avós e pais; unha leira que está su da viña de *Lóngara*. Outra leira que está su da vosa casa, e no vimial de *Argele* esa terra coas súas árbores baixo a casa de Elario e a súa parte nas pesqueiras do Porto, que nos vendéu. Tamén nos vendéu Elario a súa parte da viña que está á beira da casa do tío Elario; e do agro de Egila dúas leiras e déunolas polo que queríamos.

Tamén nos deu Osevio e súa muller Aragonta un bo pedazo da súa terra pola que houbo preito e xuízo con Guirigo. Tamén Juliano e muller Aragonta un agro moi bo que tiñan de súa nai Onesinda, e a súa parte de viña que está à beira da *Cereixeira da edra*. Tamén nos deu Visterlo e seus fillos, Pelagio e Ansuilli, moitas e boas viñas que tiña de seu home Brandila. Outra graña que chaman Custodia, que nos deu Ylduara e súa filla Gontilli, herdade que compraran a Salamiro e Gercoria Outra ‘villa’ (aldea) que chaman *Ribela*, que foi de Gresulfo, e esa herdade onde morou Kederigo e Lalla; Cersario e María déronnos esa herdade en vida do mesmo Gresulfo. E outra herdade en *Ribela* que nos deu frai Leovigildo, que foi de Badamondo e da súa filla Eldigia. Outra graña en Pena; outra graña que chaman Vilar. (*IIIª villa ubi dicunt Auria*) A IIIª graña onde lle chaman **Auria** De todas esas herdades a metade..., e canto nesas grañas está ò servizo do home. Tamén nos deu frai Ranemiro viñas moi boas no lugar de *Fornadelas*, que foron do presbítero Baltario;...a herdade de Gudesteo íntegra. Tamén nos deu alí Argerico e súa muller Guntina a herdade onde seus pais viviron; en *Soutelo* a súa parte, en *Ermosende* a súa parte.

Outra graña en *Barbantes* que nos deu Arias e súa muller Quadradudia...que nos venderon. Tamén en Pena outra graña moi boa, con casas, lagar, cubas... Outra graña en *Loña*, que nos deu Gercorio e súa muller Trudilli... Outra graña en *Belle* que lle din *Quintela*, En *Abruciños* a herdade que nos deu Uti e súa muller Vistresinda. En *Tamallancos*... En *Barbantes* ... E outra graña en *Barbantes*, que Branderigo e súa muller Mansuara e irmaus –Placidia, Osorio, Gontina, Osorigo- deron. Outra graña que nos deu Abregón e súa muller Gontina Outra graña e herdade en *Cornoces*. En *Parada* outra herdade... Todas estas herdades e grañas...**compramos**

E pra rematar volve ò principio da escritura: *et obsecramus domno nostro et sanctissimo abba ut deserviant omnia ad locum ipsum ad villa de Aure* ‘e pregamos ò noso señor e santísimo abade que todo sirva a ise lugar, à vila de Oira’, *ubi oraculum construximus de sancto Silvestro episcopo et confessore* ‘onde erguemos un templo a San Silvestre bispo e confesor’, *et ordinet ille hominem industrium qui causam ipsam sub eius regimine et ordinatione qui diligenter expediat...* ‘e mande ou poña ò frente un home industrioso que tal negocio, baixo o seu goberno e ordenación, mantenga con toda dilixencia’. *Post excesum vite illius...has hereditates...cum ipsa villa (Aurea)...tornetur ad monasterium priorem Cellenovensis. ‘Despois da súa morte...estas herdades e a vila (Aure) ha de tornar ò precedente mosteiro de Celanova’*

ÉTIMO DE OIRA

Consideramos plenamente identificado o lugar de **Auria** con **Oira**, e a súa pertenza, non sabemos deica cando, ò mosteiro de Celanova. No Castro ou Castelo de Alba en Formigueiro, Trasalba, atopouse unha lápida coa simple ins-

crición de **ORIVS**, un home orixinario de **Oria**, que é como se chamaba à vinda dos romanos o lugar que estudamos.

A atracción polo *ouro*, que o converte en **Auria**, é puramente virtual, pero ò cabo efectiva e coma se fose real. Entón de *ouro*? Non, pero si, o que resulta paradoxal.e chocante, como veremos.

A entrequedencia con **Oira**, en tempos **Oria**, é a súa homonimia co tema latino de *aurum*> *aureus-a* que no nivel popular era *orius, oria*. **Oira** era **Oria** à vinda dos romanos, nel naturalmente coidaron ver o seu adx. *orius, oria, orium*’de ouro’ forma popular da

súa *aurea* e semiculto *auria*. Todo o que soaba a ‘ouro’ acaba por se trocar no rico e cobizado metal. É a *auri sacra fames*.

Non somente os antigos, que a cousa chega deica nós, despistando incluso a investigadores ben preparados. Neste caso están as *Fontoria, Fontoira, Fontoura* (tautoloxías); *Fontoria* no Bierzo vese así (M^o Sah.s.a.), ano de 932, *Fonte auria*, no 1078 *Fonte Oria*, etc. Son as *Hontoria, Ontoria* de Asturias, León, Castela. Pero outro tanto sucede con *Viloria* ou *Viloiria* à esquerda do Río Sil en Valdeorras –nembargante que no río houbese *ouro-*, coma *Viloiria* en Chantada, *Viloria* no Incio, *Viloiria* en Pena Nofre, Our-, onde o segundo elemento é un hidrónimo moi antigo. En León, ano 1075, hai unha *Villa Oria*. O tema está moi espallado; en Guipúzcoa o Río Oria, en Solsona, Lérida, *Vall d’Oria*, que na E.M. aparece *Vallis Aurea*.

Tanto ou máis pasa con *-ouro*; O *Río Ouro* con *Fondouro*, que nace en S^a M^a de Oiras ò N de Lugo, na Serra do Xistral, rega o *Valadouro* con *Castro de Ouro* à dereita, e desouga no Cantábrico polo *Fazouro* ou *Fozouro*. Ò SO de Asturias, por Grandas de Salime, hai outro *Río de Ouro / Río de Oro*, afluente da Navia. E *Fontedor* en Vilalba, Lu., *Fonte do Ouro* cerca de Valga, Pomtevedra, *Fontedouro* en Punxín, Our., etc. Nngún ten que ver co ‘ouro’, senón con ‘auga que corre’.

Trátase de hidrónimos, tema antiquísimo e universal, espallado por todo o mundo; cf. os ríos *Uru, Uri, Uruay*...no Brasil; o *Uruguay, Orinoco*, etc.; río Urumea nas Vascongadas. Unha base alternante en que entra sempre o fonema líquido –r- (ou -l-) con distintas vocais; aquí *Or / Ur / Ul* ‘auga corrente’, que vive no vasc. *ur* ‘auga’, ant. nórd. *aurr* ‘auga’, etc., lat. *ora* ‘orela’.

A nosa **Oira** é un antiquísimo hidrónimo, metátese de **Oria**, este un anterior ***Oria / Or-ía** (**Or** ‘auga’, **-ía** suf. ou artigo posposto), que nomeaba no nivel máis primitivo o Río Miño, ‘auga que corre’. Igual ca *Viloiria* a ‘vila do río’.(cf. Auga na Natureza, p.317-323).

O PASO NO RÍO MIÑO

A ponte sobre o río Miño non comezaría a construírse deica a segunda metade do século segundo. Antes era por vao e poldras, o que os romanos din *portus*

rivi, como había *portus montis*. E foi sen dúbida a guarnición ou destacamento de garda, que vixiaba o primitivo poboado das Burgas, apostado no Castro de Oira, alonxado e co río en medio. A práctica é xeralizada ò longo da historia, dende os tempos máis antigos; nunca unha forza de invasión asitia no medio dunha cidade, sempre fora dela.

Os romanos teñen que pasar e repasar o río mentres non 0erguen o seu *praesidium* à beira do poboado, que tampouco sería no primeiro século. O que fan é habilitar o *porto* ou vao na parte máis cercana e propicia, de esguello entre Oira e o Coiñal. Chámalo naturalmente **Portu Oriense**, os máis cultos (cf. *Auria*) **Portu Auriense**, e así se chamou por moitos anos deica habilitar, por aumentar o paso de transeúntes e comezar a ser cruce de camiños, outro por onde aínda se lle di O Vao, arriba da Ponte Romana.

É cando, tamén con toda razón, se lle dixo ò primeiro *Porto Vello*. É outra proba do asentamento romano à dereita do río. E tendo en conta que à saída dos portos adoitaban ter un oratorio ò *deus Portunus*. ¿Non sería cristiano do lugar à saída cun oratorio con cuia tradición enlaza a finais do XIV a ermida da Virxe: *Nª Sª de Porto Vello*?

Todo fai crer que de primeiras os romanos non lle deron nome especial ò poboado das Burgas, que Burgas se chamaría porque daí tradicionalmente ven o nome. Dirían ‘imos ò pobo, ò *locare*’ namáis. O nome da cidade empola ò aumentar o poboación e sair da beira das Burgas, este un topónimo moi localizado que xa non cubría a nova realidade. Pero non é cos romanos que xorde o nome da cidade, nome (*Portu Auriense*) que daquela non pasou do Río Miño. É cos bispos que no séc. VI acuden òs concilios, feito

que esixía identificar òs asistentes, indicando dónde viñan: o nome persoal máis o de orixe ou xentilicio, inzando esta forma de adxetivo, que aquí levaba xa máis de cinco séculos creado. Poida que mesmo fose polo de *Auriense*, que se aplicase o sistema denominador òs demais bispos. *Tude, Lucus, Conimbriga, Astúrica*...xa tiñan nome e escusaban adexetivación ningunha: *de Tude, de Lucu*...

EXTENSIÓN E USO

Á semellanza de *Porto Auriense*, que de continuo está en boca do pobo dende o séc.I, xorde coa cristianización e xerarquía eclesiástica o **Episcopo Auriense**, xa dixemos que por esixencias de identificación. O **Episcopo Auriense** dise ser de **Civitate Auriense / Oriense**. Así é cómo, perdido o xenérico ‘civitate’, ficará pra sempre **Auriense**. Sigámo-los seus pasos ò longo dos séculos-

No ano 569 (Flórez,XL,342-3) vemos no Concilio de Lugo: **Ad Auriense, Ad Auriensem, Ad Iriensem, Ad Tudensem, Ad Lucensem**. No ano 572 (Ib.p.344): **Auriensis Episcopus ss. Andreas, Tudensis Episcopus ss. Polimius, Bracarensis**

Episcopus ss. Remisol, etc. é xa xeral. No mesmo 572 (Ib.350) *Episcopos: Tudensem et Auriensem, et Iriensem...* Circa 650 (moeda de Chindasvinto): **Aurens**. Na Divisio de Wamba (672): **Auria** e 7 veces **Auriense**. No *Liber Fidei* (Braga): **Aura teneat** (cf. **Aure**, na escritura comentada). No *Liber Itacii, Auriense, Ad Auriensem* sedem. No ano 746 (Yusuf-el-Ferhi): **Auria**. No 832, **Auriensem urbem**. No ano 886 (Flórez, XVII, 237) **Auriensis Ecclesiae**; no 890 (Ib.235) *ab Orensi civitate*. No Albeldense (s.IX): *Sebastianus sedis Auriensis*.

No ano 938, *De Auriense sede*; 950, *Didacus Oriensis episcopus*; 968, *Episcopo Auriense Pº*.

No documento do Mosteiro de Celanova citado (ano 1010) *villa vocabulo ab antiquis nomine Aurea, villa ubi dicunt Auria, ad villa de Aure*, formas que son a base de tódalas posteriores ó séc. I, xunto coa orixinaria **Oria** do lugar à dereita do Río Miño hoxe chamado **Oira**. No 1071 (Flórez, XVII, 240) *ad Luco sic et ista Auriense, in civitate Auriense*.

En 1122, **Auriensi sede, ad auriensem burgum**; 1136, *In Auriense Martino episcopo*

Ano 1159, *per portum de Ourens* (DMPg.,s.a.); 1164, *porto Auriense; sancto Iacobo de Caldas iuxta portum de Aurens*.

En 1173, sedes *Aurie*, Episcopus Adam *in Auria*; 1174 *in Auriense Adepsonsus eps.*; 1175, *katedra Auriense, ep. Alfonso in Ecclesia S.Nicholai de Portu Auriense*.

No ano 1200, *Episcopo Alfonso existente Auriam*; 1203, *Ecclesiam Auriensem*; 1204 *per carrariam de Auria ad Moreiras*; 1205, *Apud Auriam.*; 1211, *Fernando E. Auriensem regente*; 1215, *...notario de Ourense, ...coengo de Ourense*; 1229, *in Auria*. En 1232, *Alvarus episcopus in Auria; episcopo in Auriense*.

No 1247, *ab Aquilare in Auriam*; 1251, *episcopus in Auria*; 1253. *juyzes dOurense.*; 1258, *castellum de Auria*; 1258 *bispo en Ourense, bispo en Auriense*.

Nas Cántigas de Alfonso X o Sabio (por 1250) **d'Ourens**; 1278 *Esleyto en Ourense*.

En 1291, *bispo en Ourense*; 1296, *Dom F. Bispo en Ourense* (e no 1302).

No 1304, *bispo dOurense, çiudá dOurense*, 1316, *actum Aurie*; 1324, *bispo en Ourens*.

En 1329, *levar o pan a Lobazes ou Auriense.*; 1349 *Domingo dorens*; 1351, **Ourens**

No 1363, *ciudade de Orens, Dourens*; no ano 1376 repítese dez veces **Ourense**.

Deica 1491 (Devanceiros II) *ponte d'Ourense, igreia de Ourense, en Ourense, Obispado d'Ourens, cibdade / cidade d'Ourense, Campo d'Ourense*, etc.

Podiamos multiplicar as citas. Coido que abundan para ver o proceso e a forma máis estabilizada, que é **Ourense**, a partir de **Auriense**, forma adxetiva do b.lat. **Auria**. É curioso ollar cómo ò tempo que vai perdendo o matiz de calificativo, se vai impondo o de apelativo a que chega ò comezar o séc. XIII; do 1204 vexo a última cita con **Ecclesiam Auriensem**.

Orense é a forma etimolóxica, a partir de **Oriense**, forma adxetiva da latinización vulgar **Oria**, en realidade a forma propia, prelatina, a que aquí atopan os romanos à súa chegada. É polo tanto a máis propia, pero non foi a máis usada ò longo da historia.

A loita entre formas é longa e sostida, inzando por adstrato; a fonética de acordo coas normas da lingua galega a partir de *Oriense, Auriense*- O recurso a **Auria**, así coma o semprego, é culto e artificial, à porfía deica o séc. XIV. **Oriense** chega a **Orense**, pois no 1363 temos a forma apocopada: *ciudade de Orens*. Gana a de máis vitalidade: **Auriense**, semiculta, con ditongo primario descendente propio do galego, cunha evolución normal: **Auriense**> **Aurense**> **Ourense**> **Ourens(e)**; no séc. XIII houbo intento de apócope, de influxo áulico (Alfonso X), polo que aparecen algunhas formas *Orens / Ourens*, que desaparecen no séc. XIV. Así temos **Ourense**.



